

PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO (3º, 4º de EP) AXUDAS DE LIBROS DE TEXTO (1º E 2º EP) E MATERIAL ESCOLAR (EP E ESO) PARA O CURSO 2022/2023.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DO 19/05/2022 ATA O 22/06/2022 (INCLUÍDO) FONDO SOLIDARIO LIBROS

CURSOS: 3º e 4º de EP (Educación Primaria)

O alumnado de 5º, 6º EP e ESO (Educación Secundaria Obligatoria) están incluídos no proxecto E-DIXGAL polo que están excluídos do Fondo Solidario Libros, non obstante no caso de que existan unidades suficientes para todo o alumnado entregaráselles en forma de préstamo.

SOLICITANTES: todo o alumnado admitido, con independencia da renda per capita da unidade familiar. AXUDA: acceso aos libros de texto dispoñibles no fondo solidario do centro, por orde inversa á renda per capita. GARANTÍA: 6 libros de texto (renda *per capita igual ou inferior a 6.000 €).

4 libros de texto (renda *per capita igual ou inferior a 10.000 €).

AXUDAS PARA LIBROS

CURSOS: 1º e 2º EP

BENEFICIARIOS: o alumnado pertencente a familias con renda per capita igual ou inferior a 10.000€.

IMPORTE DA AXUDA

Renda* per capita igual ou inferior a 6.000 €. EP: 210 €

Renda* per capita igual ou inferior a 10.000 €. EP: 140 €.

Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65% 275 € (cando non poida usar os libros de texto ou material dixital)

AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

CURSOS: EP, ESO

BENEFICIARIOS: o alumnado en garda ou tutela da xunta, con discapacidade igual ou superior ao 65% ou pertencente a familias con renda* per capita igual ou inferior a 6.000€.

IMPORTE DA AXUDA: 50 €

Renda per cápita da unidade familiar

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2020 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2020, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460); cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.

Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.

Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.

Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.

A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2020, agás no relativo á violencia de xénero que se aplicará o disposto na lexislación específica.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Anexo I (Solicitud)

Anexo II (comprobación datos, no caso de non presentalo deberá presentar a documentación correspondente)

Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Se non ten libro de familia ou non reflicte a situación a 31/12/2020, poderá acreditarlo con algún dos seguintes medios:

Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

Certificado de convivencia.

Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.

Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

Preferiblemente por vía electrónica a través da aplicación fondolibros na web <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/> e a través da sede electrónica da xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/> para a presentación de solicitudes poderá emplearse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos ou Chave365 na web e opcionalmente e presencialmente no centro ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora.

PUBLICACIÓN DOS LISTADOS DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DAS SOLICITUDES DO FONDO SOLIDARIO

Listado provisional: 11/07/2022

Prazo de reclamación: 2 días seguintes a publicación da listaxe provisional

Listado definitivo: 22/07/2022